

PREGO DE CONDICIÓNIS PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE APOIO ÁS ACCIÓNIS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN NO MARCO DOS PROGRAMAS DE AXUDA DO IGAPE ÁS AGRUPACIÓNIS EMPRESARIAIS INNOVADORAS

1	Antecedentes	1
2	Obxecto e descrición dos traballos.....	1
3	Control e verificación dos traballos	3
4	Prazo de execución	4
5	Orzamento	4
6	Criterios de valoración	4
7	Documentación a presentar por parte dos oferentes.....	5
8	Presentación de ofertas.....	6
9	Emendas.....	6

1 Antecedentes

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) desenvolve diversas actuacións no marco dos programas de apoio do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) dirixidos ás agrupacións empresariais innovadoras (AEI), co obxectivo de impulsar a competitividade, a innovación e a cooperación das empresas galegas do sector alimentario. Estas actuacións inclúen accións de comunicación e difusión orientadas a promover o intercambio de coñecemento, dar visibilidade a proxectos e fomentar a creación de redes e alianzas entre empresas, entidades e profesionais.

Para garantir unha execución eficaz destas accións, Clusaga precisa contratar un servizo especializado de apoio á comunicación e difusión, que inclúa o deseño, desenvolvemento, execución e avaliación das actividades correspondentes aos proxectos financiados no marco das axudas AEI.

O proxecto inscríbese no **Programa de Impulso á Competitividade, Innovación e Cooperación Empresarial no Sector Alimentario de Galicia 2025-2026 (GALICIAFOOD+)**, financiado polo Igape a través da liña de Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia.

2 Obxecto e descrición dos traballos

O obxecto do presente contrato é a **contratación dun servizo profesional de apoio ás accións de comunicación e difusión** vinculadas aos proxectos desenvolvidos por Clusaga no marco das axudas do Igape ás AEI.

As actuacións mínimas que deberá comprender o servizo son as seguintes:

2.1. FOOD INSIGHT

Descrición:

Execución de actividades de difusión, foros ou seminarios sobre materias de impacto na competitividade empresarial, co obxectivo de compartir tendencias, boas prácticas e experiencias de innovación no sector alimentario galego.

Actuacións incluídas:

- *Deseño conceptual e programación das xornadas.*
- *Contratación e coordinación de relatores e expertos/as, incluíndo desprazamentos.*
- *Organización lóxística: aluguer de espazos e servizos audiovisuais.*
- *Deseño e produción de materiais gráficos e audiovisuais.*
- *Comunicación previa e posterior: notas de prensa, difusión en web e redes sociais.*
- *Elaboración dun resumo executivo da xornada.*

Concepto e alcance:

5 xornadas de difusión, con 40 participantes por xornada.

Orzamento máximo: 5.231,04 € + IVE

2.3. FOODVALUE GALICIA

Descrición:

*Creación dun **catálogo de provedores e servizos especializados** do sector alimentario de Galicia.*

Actuacións incluídas:

- *Desenvolvemento da estrutura do catálogo e adaptación do contido ao medio.*
- *Deseño gráfico, maqueta e produción dixital.*

Concepto e alcance:

*Elaboración dun catálogo con alomenos **100 fichas** de provedores/profesionais.*

Orzamento máximo: 5.666,96 € +IVE

2.4. PROALIS+

Descrición:

Accións de divulgación, sensibilización e concienciación sobre innovación, dixitalización, sustentabilidade, internacionalización e cooperación intersectorial.

Actuacións incluídas:

2.4.1. Campaña #ValorLácteo

- *Conceptualización e deseño da campaña.*
- *Produción de materiais gráficos, audiovisuais e dixitais.*
- *Contratación de medios e publicidade.*
- *Planificación e seguimento da difusión.*
- *Avaliación de resultados e informe final.*

Concepto e alcance:

Campaña de sensibilización con difusión en medios e redes.

Orzamento máximo: 7.846,56€+IVE

2.4.2. Foro GreenValue4Food

- Organización e execución dun foro temático sobre economía verde e valor compartido.
- Coordinación técnica e loxística, incluíndo aluguer de espazo e servizos audiovisuais e organización da loxística dos relatores.
- Comunicación e difusión do evento.
- Apoio na xestión do protocolo do evento
- Xestión de relación con medios de comunicación
- Elaboración dun resumo executivo e avaliación.

Concepto e alcance:

1 foro con participación estimada de 150 persoas.

Orzamento máximo: 6.974,72 €+ IVE

2.5. FOOD TALENT+

Descrición:

Campaña informativa dirixida a estudantes de secundaria sobre talento e oportunidades no sector alimentario galego.

Actuacións incluídas:

- Deseño e desenvolvemento de materiais didácticos e audiovisuais.
- Coordinación con centros educativos e planificación das presentacións.
- Organización integral das sesións nos centros educativos, incluíndo a contratación dos monitores.
- Impresión de materiais educativos.
- Deseño de Concurso de agricultura e industria alimentaria para proxecto escolar orientado ao sector.
- Elaboración dun informe de resultados e aprendizaxes.

Concepto e alcance:

*Campaña informativa con difusión en **centros educativos**, con participación **1.000 estudantes**.*

Orzamento máximo estimado: 8.718,40 €+ IVE

3 Control e verificación dos traballos

O servizo contará cun sistema de seguimento e control integral para garantir a correcta execución das accións e o cumprimento dos obxectivos establecidos. Este sistema incluírá:

- Planificación inicial co cronograma detallado, entregables e responsables.
- Reunións de coordinación mensuais para supervisar o avance, identificar incidencias e actualizar o plan de acción.
- Seguimento da execución de cada acción mediante rexistro de actividades, asistencia, materiais producidos, contratación de poñentes/profesores e uso de recursos loxísticos.

- *Informes trimestrais detallados sobre as accións realizadas, cobertura mediática, materiais producidos e participación en eventos.*
- *Informe final coa avaliación global de todas as accións, resultados obtidos, aprendizaxes e propostas de mellora.*
- *Validación das entregas por Clusaga, con posibilidade de solicitar emendas ou ampliacións.*
- *Cumprimento estrito dos prazos establecidos, coas consecuencias definidas en caso de incumprimento reiterado.*

4 Prazo de execución

O prazo de execución do contrato será desde a sinatura do mesmo ata o **30 de setembro de 2026**.

5 Orzamento

O orzamento máximo destinado ao servizo é de **34.437,68 € + IVE (21%)**. A facturación poderá realizarse de forma trimestral segundo o calendario e o avance das accións.

A facturación por parte da empresa adxudicataria derivará dos traballos efectivamente realizados no marco do contrato e deberá basearse no cumprimento e xustificación dos fitos e actividades asociados a cada actividade e o orzamento asociado.

O servizo estrutúrase en distintos **fitos e bloques de actividade**, correspondentes ás accións de comunicación, difusión e organización de eventos descritas no presente prego. En cada período de xustificación, a empresa adxudicataria deberá **presentar un informe técnico e económico** que recolla:

- As accións realizadas durante o período correspondente.
- Os resultados e evidencias do traballo executado (materiais elaborados, campañas difundidas, eventos organizados, métricas de impacto, etc.).
- A correspondencia destas accións cos fitos definidos e co orzamento asignado a cada un deles.

A liquidación económica realizarase **en función do grao de cumprimento e da xustificación documental presentada**. Unha vez aprobada por Clusaga, poderá emitirse a correspondente factura.

Con carácter xeral, prevese unha **facturación trimestral**, aínda que os prazos concretos de facturación e pagamento pecharanse no momento da sinatura do contrato, en función do calendario de actividades e dos períodos de execución acordados.

6 Criterios de valoración

O orzamento do contrato está fixado e non se valorarán ofertas económicas á baixa.
A adxudicación realizarase en función da calidade da proposta técnica, ademais do **grao de detalle, claridade e coherencia do orzamento asociado**.

segundo os seguintes criterios:

Criterio	Descrición do baremo	Puntuación máxima
1. Calidade e adecuación da proposta técnica e orzamentaria	<i>Avaliarase a metodoloxía para desenvolver as xornadas, foros, campañas, catálogos e presentacións, o enfoque práctico e creativo, planificación, coordinación e integración de recursos. Valorarase positivamente a presentación dun orzamento debullado por actividade e ítem.</i>	50 puntos
2. Experiencia e perfil do equipo	<i>Experiencia demostrada en comunicación, organización de eventos, campañas, difusión e creación de materiais, calidade dos perfís presentados (CV, roles, responsabilidades).</i>	35 puntos
3. Propostas de valor engadido	<i>Actividades complementarias que melloren o impacto do programa: innovación en formatos, novas canles de difusión, achega a redes ou contactos estratéxicos, mellora da participación ou visibilidade.</i>	15 puntos
TOTAL		100 puntos

7 Documentación a presentar por parte dos oferentes

Os oferentes deberán presentar a seguinte documentación

- *Proposta técnica detallada, que deberá incluír como mínimo os seguintes apartados:*
 - *Metodoloxía de traballo, describindo o enfoque proposto para o desenvolvemento das accións, os procedementos de coordinación co Clúster e os mecanismos de seguimento e control da execución.*
 - *Cronograma de execución, con indicación das fases, fitos e prazos estimados para cada actividade.*

- *Equipo asignado, detallando os perfís profesionais, funcións e dedicación estimada de cada membro do equipo.*
- *Propostas creativas ou de valor engadido, nas que se poidan incorporar melloras respecto ás especificacións técnicas recollidas no prego.*
- *Plan de avaliación e indicadores de seguimento, que permitan medir o grao de cumprimento dos obxectivos e resultados previstos.*
- *Cuantificación económica desagregada, especificando o orzamento total e o debullado por ítems, con indicación do custe unitario dos materiais imprimibles, o importe máximo destinado a contratacións externas e calquera outro gasto asociado.*
- *Curriculos e experiencia previa en comunicación, difusión e organización de eventos.*
- *Mostras ou referencias de campañas e accións similares realizadas.*

8 Presentación de ofertas

*As ofertas deberán ser enviadas ao enderezo **info@clusaga.org** ata o 7/11/2025 ás 23:59h.*

9 Emendas

Os documentos que formen parte da oferta e que requiran de emenda non se verán penalizados a efectos de puntuación. En caso de non proceder á emenda, o oferente poderá quedar excluído do proceso ou sen puntuación adicional, en función do tipo de emenda.